

NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/21/2016	CON10I0F6
2N5K0H4D4Q0C3T4D07JV	

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACION E REPARACIÓN DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTIS E BIOSALUDABLES DO CONCELLO DE NARÓN

I DISPOSICIÓN XERAIS

1.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato será a prestación do servizo de mantemento, conservación e reparación dos elementos das 52 áreas de xogo infantís e 14 áreas biosaudables municipais, que se enumeran no artigo 5 do prego de condicións técnicas, elaborado polo técnico municipal Encargado dos Servizos Externos, así como a execución das modificacións necesarias para a súa adaptación as normas UNE-EN1176 e 1177.

Este obxecto do contrato corresponde ao código 50850000-8 servizos de reparación e mantemento de mobiliario da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV).

Necesidade e comenencia da contratación: o artigo 14 do Decreto 245/2003, do 24 de abril, da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, polo que se establecen las normas de seguridade nos parques infantís, determina a obriga dos titulares daquelas infraestruturas do seu mantemento e conservación, debendo realizar inspeccións e revisións anuais por técnicos competentes e con formación acreditada.

2.- ORGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación será a Alcaldía, xa que logo, o seu importe non supera o 10 por cen dos recursos ordinarios do orzamento nin, os seis millóns de euros, e a súa duración non supera os catro anos.

O devandito órgano ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato e por tanto a prerrogativa de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición a normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista a súa impugnación perante a Xurisdición competente.



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

3.- NORMATIVA APLICABLE, PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN, RECURSOS, CUESTIÓN DE NULIDADE

3.1.- NORMATIVA APLICABLE

- Cláusulas contidas neste Prego e no prego de prescricións técnicas.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, no que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Directiva 2014/24/UE, sobre contratación pública en aqueles artigos que teñan un efecto directo sobre a normativa española.

Por calquera outras disposicións que regulen a contratación, tanto a nivel estatal como autonómico e local, e que resulten de aplicación no ámbito da mesma.

Con carácter supletorio aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos que a el se achegan ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole ditados pola Administración que poidan ter aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obrigaón do seu cumprimento.

En caso de discrepancia entre o establecido neste prego e no prego de prescricións técnicas, prevalecerá o disposto neste prego excepto naquelas cuestións e especificacións de carácter técnico.

3.2.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRLCSP, ten a prerrogativa de interpretar o contrato administrativo e de resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

Igualmente, poderá modificar por razóns de interese público o contrato celebrado e acordar, no seu caso, a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos establecidos no TRLCSP e no Regulamento Xeneral da Lei de Contratos da Administración Pública.



Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Contra os devanditos acordos poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a presente resolución, no prazo dun MES a contar desde o día seguinte ao da súa notificación e, contra a resolución expresa ou presunta deste, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de DOUS MESES, a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución desestimatoria do recurso ou no prazo de SEIS MESES a contar desde o día seguinte a aquel en que se produza a desestimación presunta do recurso.

3.3.- RECURSO ADMINISTRATIVO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

Este contrato está suxeito a regulación harmonizada polo que poderá interperse recurso especial en materia de contratación, previsto e regulado nos artigos 40 e seguintes do TRLCSP e, contra a resolución expresa ou presunta deste, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de DOUS MESES, a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución desestimatoria do recurso ou no prazo de SEIS MESES a contar desde o día seguinte a aquel en que se produza a desestimación presunta do recurso.

Actos susceptibles de recurso especial en materia de contratación:

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Considéranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- c) O acordo de adxudicación adoptado polo órgano de contratación.

Contra os actos enumerados nos apartados a), b) e c) non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios.

Iniciación do procedemento e prazo de interposición:

Todo aquel que se propoña interpor recurso especial en materia de contratación contra algún dos actos indicados no artigo 40.1 e 40.2 do TRLCSP, deberá anunciálo previamente mediante escrito especificando o acto do procedemento que vaia a ser obxecto do mesmo, presentado ante o órgano de contratación (Rexistro Xeral do Concello de Narón) no prazo previsto no parágrafo seguinte para a interposición do recurso.



NARÓN

O procedemento de recurso iniciarase mediante escrito que deberá presentarse no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación da adxudicación. Non obstante o anterior:

a) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que os mesmos sexan recibidos ou postos ao dispor dos licitadores ou candidatos para o seu coñecemento conforme se dispón no artigo 158 do TRLCAP.

b) Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que se tivo coñecemento da posible infracción.

c) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao de publicación.

O escrito de interposición do recurso deberá reunir o contido establecido no artigo 44.4 do TRLCAP.

3.4.- CUESTIÓN DE NULIDADE

Nos supostos previstos no artigo 37 do TRLCAP, poderá expor a interposición da cuestión de nulidade contractual, no prazo de 30 días hábiles, a contar (segundo dispón o apartado 3 do artigo 39 do TRLCAP):

a) Desde a publicación da adxudicación do contrato na forma prevista no artigo 154.2 do TRLCAP, incluíndo as razóns xustificativas da non publicación da licitación no Diario Oficial da Unión Europea.

b) Ou desde a notificación aos licitadores afectados, dos motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor, sen prexuízo do disposto no artigo 153 do TRLCAP en canto aos datos cuxa comunicación non fose procedente.

Fóra destes supostos, a cuestión de nulidade deberá interperse antes de que transcorran 6 meses, a contar desde a formalización do contrato.

4.- APTITUDE PARA CONTRATAR; CAPACIDADE E SOLVENCIA

Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se achen abrangidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do TRLCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou



regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos personais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

O licitador a prol de quen recaiga a proposta de adxudicación, deberá acreditar perante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos que acrediten, á data de finalización do prazo de presentación das proposicións, a súa aptitude, capacidade e solvencia que se esixe, e que son:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: -Fotocopia do N.I.F., Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: Escritura de Constitución ou Modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fóra esixible conforme á lexislación Mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, en que consten as normas por que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).


A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular neste ámbito territorial no radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, en que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa parte a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente igual.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas Empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.



NARÓN

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP).

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a Empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

C) Poderes:

Os licitadores poderán concorrer por si ou representados por outra persoa con poder bastante ou documento que xustifique de xeito legal a personalidade para xestionar en nome e representación daquel que lle outorgou o poder. Cando en nome dunha sociedade concorra algún representante da mesma, deberá xustificar igualmente a representación mediante poder.

D) Verificación de poderes

En ambos os dous casos o poder terá que ser validado para este procedemento aberto, para o cal se presentará previamente na Asesoría Xurídica Municipal.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades e cumprimento das obrigas tributarias:

Declaración responsable da Empresa interesada de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP, e de que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, axustado ao seguinte modelo:

D....., con domicilio en
....., rúa, e provisto de D.N.I
....., en nome propio ou en representación de
con domicilio en, rúa Tfno e N.I.F.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE ANTE O PRESIDENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN

Que nin el nin a empresa á que representa, nin ningún dos seus membros áchanse incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración, relacionadas no artigo 60 do TRLCAP.

Así mesmo declara que se atopa ao corrente do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.

(DATA E FIRMA)



NARÓN

Así mesmo deberá presentar certificación expedida pola Axencia Tributaria conforme está ao corrente das obrigas tributarias impostas pola lexislación vixente e certificación administrativa expedida pola Tesourería da Seguridade Social ou, no seu caso, o alta da Mutua correspondente.

F) Requisitos específicos de admisión: Os licitadores deberán presentar xustificación de adscrición de medios persoais e materiais suficientes que se adscribirán á execución do contrato.

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obriga esencial aos efectos previstos no art. 223 g) TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos do art. 212.1 TRLCSP.

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

Económica financeira

As entidades licitadoras deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira mediante a achega dos seguintes documentos:

- Contas aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil (ou Rexistro Oficial correspondente ou, no caso de empresarios individuais non inscritos no R. M., libros inventarios e contas anuais legalizadas polo R.M.) para acreditar o volume anual de negocios no ámbito de actividades correspondentes ao obxecto do contrato, referido aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocio.

Requisito mínimo de solvencia: o volume de negocio anual, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, deberá ser unha vez e media o valor anual medio do contrato. (123.966,95 €)

Técnica

A solvencia técnica acreditarase mediante a presentación dunha relación dos principais servizos ou traballos da mesma natureza ao que corresponde o obxecto do contrato, realizados durante os cinco últimos anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido polo empresario.

Criterios de selección:

En relación ao medio requirido, considerarase que a empresa ten solvencia técnica se cumpre co seguinte requisito:



O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao o duplo da súa anualidade media (165.289,26 €)

H) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

I) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

J) O licitador poderá presentar certificación do Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Xunta de Galicia ou Deputación Provincial de A Coruña.

K) Correo electrónico no que se efectuarán as oportunas notificacións.

L) Índice de documentos que integran o sobre.

En todo caso, o órgano de contratación, poderá requirir en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, aos licitadores para que aporten a documentación sinalada nesta cláusula.

Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso (art. 21. RXLCAP)

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo de documentación que pretenden aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma.

5.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES

Para ser adxudicatario do presente contrato non é preciso estar en posesión de clasificación empresarial ningunha, sen prexuízo de acreditar a correspondente solvencia económica, financeira e técnica, polos medios establecidos no presente prego de condicións.

6.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO DA LICITACIÓN

6.1. PRESUPUESTO DE LICITACIÓN



NARÓN

6.1.1. Tipo de licitación: 165.289,26 €

6.1.2. IVA: 34.710,74 €

6.1.3. TOTAL: 200.000,00 €

En todo caso, a cifra consignada no apartado 6.1.3 constitúe a cantidade máxima sobre a que versarán as ofertas, supoñendo a exclusión automáticas de aquelas ofertas que superen a dita cantidade.

6.2 VALOR ESTIMADO DEL CONTRATO

Para os efectos do establecido no artigo 88 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, o valor estimado do contrato, IVE excluído, é o seguinte:

6.2.1. Tipo de licitación: 165.289,26 €

6.2.2. Eventuais prórrogas: 165.289,26 €

6.2.3. Importe das modificacións: 33.057,85 €

6.2.4. TOTAL: 363.636,37 €

Aos efectos do presente prego e do TRLCSP este contrato está suxeito a regulación harmonizada dada a súa contía.

6.3.- FINANCIAMENTO

Ano 2016 - 41.322,31 €
8.677,69 € (IVE)

Total – 50.000,00

Aplicación 18 17100 21000 (RC 3209/2016)

Ano 2017 - 82.644,63 €
17.355,37 € (IVE)

Total – 100.000,00 €

Aplicación 18 17100 21000 (RC 53/2017)

Ano 2018 - 41.322,31 €
8.677,69 € (IVE)

Total – 50.000,00

Aplicación 18 17100 21000 (RC 28/2018)



Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ao seu cargo que leven a cabo a prestación dos servizos, taxas e toda clase de tributos, en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

Nos casos en que de conformidade coa cláusula 4ª dos pregos de prescricións técnicas procedera a ampliación ou diminución das áreas de xogo a incluír dentro deste contrato, o aboamento por cada unha delas farase de conformidade cos prezos ofertados polo licitador, dentro dos límites recollidos neste prego para a modificación do contrato.

Nas propostas formuladas o importe do IVE indicaranse en partida aparte de conformidade co art. 87.2, paragrafo último, do TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO.

Como se establece no artigo anterior, existe crédito abondo no orzamento actual para o financiamento deste contrato; para as demais anualidades afectadas pola execución do contrato, a adxudicación ficará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para o financiamento das obrigas derivadas do contrato nos exercicios correntes pendentes.

8.- REVISIÓN DE PREZOS

O prezo do contrato non sufrirá variación algunha ao longo da súa vixencia, nin sequera no caso de que por virtude de disposicións laborais se modificasen os xornais, cotas da Seguridade Social, ou calquera outra remuneración do persoal que se empregue.

9.- DURACIÓN DO CONTRATO, PRAZO DE EXECUCIÓN.

O contrato terá un prazo de duración de dous anos, contados a partir da acta de inicio da prestación dos servizos, que será asinada no prazo máximo de quince días dende a data de formalización do contrato.

O contrato poderá ser prorrogado por un ano, ata un máximo de dous.

II **ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

10.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Optase polo sistema de procedemento aberto con diversos criterios de valoración como forma de adxudicación ao abeiro do establecido no art. 150 do TRLCSP.



O contrato adxudicarase, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan de seguido.

11.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES (Ata 55 puntos).

1. OFERTA ECONÓMICA (Ata 35 puntos)

Obterá a máxima puntuación (35 puntos) neste apartado a proposición do licitador que oferte o prezo mais vantaxoso economicamente para o Concello. Obterán 0 puntos as proposicións que oferten o prezo de licitación e o resto valoraranse de xeito proporcional, aplicando a seguinte fórmula:

$$P= 35 \times \frac{\% \text{ de baixa da oferta a valorar}}{\% \text{ da maior baixa ofertada}}$$

Consideraranse anormais ou desproporcionadas as ofertas económicas que

- Cando se presente unha soa oferta supere en máis de 25 unidades porcentuais o prezo de licitación do contrato.
- Cando sexan dúas as ofertas presentadas serán desproporcionadas aquelas ofertas cunha baixa superior en 20 unidades a súa competidora.
- Cando as empresas licitadoras sexan tres ou máis serán desproporcionadas aquelas ofertas que superen en máis de 10 unidades a media aritmética das ofertas presentadas

2. MELLORAS PROPOSTAS (Ata 20 puntos).

O licitador poderá ofertar a realización de melloras con respecto aos aspectos do contrato que se contemplan na seguinte táboa coa súa correspondente puntuación.



MELLORA		PUNTUACIÓN
M01	Adecuación de todos os parques infantís e biosaludables á normativa vixente	7
M02	Bolsa de pezas de substitución valoradas en 2500€	5
M03	Subministro de elementos de xogos infantís valorados en 3000€	5
M04	Aumento de bolsa de reparación de caucho 150m2	3

M01. Adecuación de todos os parques infantís e biosaludables á normativa vixente.

Considerando que un dos criterios de valoración do presente contrato, é o relativo ao informe de adecuación á normativa das diferentes áreas de xogo e biosaludables, esta mellora consistirá na realización de todas aquelas melloras precisas para que a totalidade dos parques infantís e biosaludables obxecto deste contrato se adecúen á normativa de aplicación.

A adecuación á normativa deberá ser avaliada por unha empresa certificadora e as obras de adecuación incluírán todas aquelas que sexan precisas para acadar esa certificación: reparacións ou substitucións de pezas ou elementos das áreas, incluso balados e superficies de seguridade, correndo todos os gastos por conta do licitador.

No caso de ofertarse esta mellora o licitador deberá acompañar o informe de adecuación, no cal se definirán todas as actuacións a realizar en cada unha das áreas, os elementos sobre os que se intervirá e o custe de cada acción a realizar.

M02. Bolsa de pezas de substitución valorada en 2.500 €.

O licitador porá a disposición do Concello un conxunto de pezas de reposto por un valor mínimo de 2.500,00 €.

Entre estas pezas non se incluírán aquelas co custe das cales deberá correr o adxudicatario de acordo co PPT e a súa valoración económica deberá ser xustificada polo licitador



acompañando as tarifas en vigor dos fabricantes das referidas pezas. No caso de que a valoración en tarifa da oferta realizada supere os 2.500 € a puntuación da mesma será a indicada na táboa descrita anteriormente, aínda que todas as pezas deberán ser postas a disposición do Concello de igual maneira.

Unicamente poderán ser presentadas pezas dos elementos de xogo que se atopan instalados no momento actual nas diferentes áreas obxecto deste contrato.

M03. Subministro de elementos de xogos infantís valorados en 3.000 €

O licitador porá a disposición do Concello un conxunto de xogos infantís por un valor mínimo de 3.000€, o obxecto dos cales será o de substituír outros que actualmente estean instalados e se quedaran obsoletos ou non cumpran a normativa de aplicación.

A valoración económica dos elementos propostos polo licitador deberá ser xustificada acompañando as tarifas en vigor dos fabricantes dos referidos xogos. No caso de que a valoración en tarifa da oferta realizada supere os 3.000 € a puntuación da mesma será a indicada na táboa descrita anteriormente, aínda que todos os elementos deberán ser postos a disposición do concello de igual maneira.

Unha vez instalados os elementos de xogo, por conta do adxudicatario, os mesmos deberán ser certificados por unha empresa acreditada.

M04. Aumento de bolsa de reparación de caucho 150m2

Nesta mellora incluíranse as obras relativas ao troco ou nova creación da superficie de seguridade de caucho continuo, consistente na retirada de residuos xerados, preparación da base, instalación de acordo coa normativa e certificación que acredite o cumprimento da normativa.

Todas as melloras que sexan ofertadas polo licitador que finalmente resulte adxudicatario do contrato serán executadas dentro do primeiro ano de duración do referido contrato, excepto as relativas a subministro de pezas ou outros elementos, os cales deberán ser postas a disposición do concello nun prazo non superior aos 2 meses desde a sinatura do contrato

B) CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE (Ata 45 puntos):



1. DESCRICIÓN TÉCNICA DO SERVIZO (Ata 30 PUNTOS).

Será valorada a descrición do servizo que realice o licitador, na cal se definirán os traballos a realizar polo persoal, o xeito de facelo, a frecuencia e a duración de cada tarefa e a distribución destas en cada unha das áreas de xogo. Coa finalidade de facer o máis obxectivo posible a valoración deste criterio, defínense, de seguido, todos aqueles aspectos que serán valorados e o xeito de facelo:

1.1. DESCRICIÓN DE TAREFAS (Ata 1 punto):

Aínda que no prego de condicións técnicas xa se describen brevemente as tarefas incluídas no contrato, o licitador deberá describir tecnicamente cada unha das tarefas incluídas no contrato, o xeito de realización das mesmas, as frecuencias recomendadas e outros aspectos relevantes.

A puntuación será outorgada despois de facer o estudio comparativo entre as descricións feitas por cada un dos licitadores

1.2 FICHA DESCRIPTIVA DE ZONAS DE XOGO E BIOSALUDABLE (Ata 25 puntos):

O licitador deberá confeccionar unha ficha descritiva das áreas de xogo incluídas no presente contrato.

Nesa ficha descritiva deberanse indicar os aspectos que se relacionan a continuación, os cales poderán acadar a puntuación máxima que se sinala. Esa puntuación máxima outorgaráselle no caso de seren considerados correctos, a cal irá sendo rebaixada de entender que a información que se recolle é deficiente.

- Ortofoto ou foto aérea actual da zona de xogo e biosaludable
- Reportaxe fotográfica da área
- Localización da área nun plano a escala mínima 1:25.000
- Plano (planta) a escala 1/500 do parque infantil
- Descrición e ficha dos elementos de xogo e biosaludable instalado na área



NARÓN

- Descrición e ficha do mobiliario instalado na área
- Descrición dos servizos instalados na área

- 1.3. INFORMACIÓN DE ADECUACIÓN Á NORMATIVA (Ata 4 puntos)

Do mesmo xeito que no criterio anterior, o licitador deberá confeccionar un informe de adecuación á normativa de cada unha das áreas de xogo incluídas no contrato.

O informe deberá ser confeccionado de acordo ao indicado no Decreto 245/2003 e ás normas UNE147101:2000IN e UNE 147002:2000 e virá avaliado polo selo ENAC.

Cumprimento dos requisitos para equipos fixos de adestramento físico instalados o aire libre. UNE-EN16630:2015.

2. CONTROL DA XESTIÓN DO SERVIZO (Ata 15 PUNTOS)

Serán valoradas as propostas que inclúan ferramentas de axuda na xestión supervisión e control do servizo, tanto por parte do adxudicatario como da administración, favorecendo o fluxo de información cos servizos técnicos municipais.

Para que os criterios de valoración deste apartado sexan o máis obxectivos posibles, procederase ao estudo comparativo das diferentes propostas realizadas por cada un dos licitadores, comprobando os seguintes aspectos:

- Operatividade do sistema de control presentado, o cal deberá vir avalado coas suficientes probas técnicas do seu funcionamento.
- Número de aspectos de xestión do servizo que serían controlados pola ferramenta.
- Facilitade do manexo da ferramenta.
- Implementación con outras ferramentas de control
- Formación do persoal da administración.

12.- GARANTÍAS PROVISORIA E DEFINITIVA



De acordo co establecido no artigo 103.1 do TRLCSP, os licitadores non deberán constituír garantía provisoria.

De acordo co art. 95 do TRLCSP, a garantía definitiva será constituída polo adxudicatario por calquera dos medios que autoriza o TRLCSP, e fíxase no 5% (IVE excluído) do importe de adxudicación do contrato. Non se admite a constitución mediante retención do prezo.

As garantías en metálico ou valores deberán constituírse na Caixa Municipal. Os avais ou seguros de caución deberán constituírse de acordo co que se establece nos artigos 55 e seguintes do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

A garantía definitiva será devolta ao contratista unha vez executada a totalidade do contrato, e cumprido este satisfactoriamente ou cando se resolva o mesmo sen culpa do contratista, previo informe de conformidade do departamento xestor do contrato.

13.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

13.1. Lugar: As ofertas deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Narón, sito Praza de Galica,1, ou por correo na forma que establece o artigo 80.4 do RD 1098/2001, de 12 de outubro. Neste caso o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano a remisión da oferta mediante télex, fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día. O número de fax ao que se debe remitir o anuncio de envío por correo é o correspondente ao do Rexistro Xeral do Concello de Narón, 981388044.

O envío do anuncio por correo electrónico realizarase á dirección: contratacion@naron.es, e só será válido si existe constancia da transmisión e recepción do mesmo, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións e se identifique fidedignamente o remitente mais o destinatario.

Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición si é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Transcorrido, no entanto, dez días naturais seguintes á indicada data, sen haberse recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

13.2. Prazo: Este será o que se indica para a entrega das ofertas no anuncio de licitación.

Unha vez entregada ou remitida a documentación non pode ser retirada, agás que a retirada da proposición sexa xustificada.

As proposicións presentadas fóra de prazo non serán admitidas baixo ningún concepto. Tampouco serán admitidas aquelas proposicións cuxos sobres conteñan documentación distinta da indicada neste prego para cada sobre.

14.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS



NARÓN

A documentación que debe presentar o licitador é a seguinte:

Sobre “0”: DECLARACION RESPONSABLE do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e con todas as condicións establecidas nos pregos que rexen a contratación (se adxunta o modelo como Anexo I).

- No seu caso, os empresarios que concorran en UTE ademais da declaración responsable citada anteriormente de cada un dos membros, indicarán os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

De conformidade co establecido no artigo 59 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo, os interesados poderán presentar como declaración responsable o Documento Europeo Único (DEUC), segundo modelo aprobado polo Regulamento de Execución (UE) 2016/7 da Comisión.

A dirección de enlace para conseguir o modelo DEUC, xunto co enlace das recomendacións da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado en relación con esta declaración, figuran no Anexo I.

Sobre “1”: "Referencias técnicas" (no que se incluíra a documentación relativa ás cuestións relacionadas cos criterios de adxudicación cuxa cuantificación require un xuízo de valor, de conformidade co art. 150 TRLCSP).

A estes efectos, os licitadores deberán presentar dentro do SOBRE 1 un estudo no que se indicará o programa de inspección, mantemento, reparación, substitución, pintado e limpeza das áreas de xogo, dos carteis indicativos, do cerramento do perímetro das áreas de xogo infantís, do pavimento das áreas de xogo. No devandito programa de actuación indicaranse todos e cada un dos aspectos avaliábeis relacionados no artigo 11.B, así como calquera outro que o licitador desexa incluír.

Sobre 2: "Oferta económica e Melloras", no que se incluíra a documentación relativa aos criterios de adxudicación aritmética ou avaliábeis de xeito automático mediante aplicación de fórmulas de conformidade co art. 150 TRLCSP, no modelo incluído neste prego como Anexo III.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre 1 no sobre 2 implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.

Os documentos que se acheguen as proposicións deberán ser orixinais. Non obstante admitiranse copias dilixenciadas polo Secretario, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

15.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación estará integrada por:



Presidente: D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue
Vogais: Secretario Xeral do Concello, Interventora Xeral do Concello, Encargado de Servizos Externos, Concelleiro delegado de Servizos.

Actúa como Secretario o Xefe da Sección de Contratación ou persoal funcionario do departamento que o substitúa.

16.- APERTURA DE OFERTAS

Abertos, pola Mesa de Contratación, os sobres correspondentes á declaración responsable, se estas contivesen defectos ou omisións emendables, comunicárase aos interesados esta situación, concedéndose un prazo de tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ante a propia mesa de contratación

A Mesa de Contratación, en sesión pública, procederá á apertura do sobre 1 de aqueles licitadores que haxan presentado a declaración responsable e procederase á remisión da devandita documentación ao servizo correspondente para que este emita informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación do procedemento aberto (agás o factor prezo e demais criterios aritméticos).

Unha vez emitidos os informes correspondentes e valorados pola Mesa de Contratación os criterios non avaliábel mediante cifras ou porcentaxes, procederase á convocatoria pública do acto de apertura das ofertas económicas. O devandito acto celebrarase no lugar e día que se sinale no taboleiro de anuncios de contratación da Corporación ou perfil do contratante.

O Presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidárase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada.

A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, sen atender necesariamente ao valor económico da mesma, ou declarar deserta a licitación,



motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no presente Prego.

17.- ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para a devandita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego.

Con posterioridade requirirase ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa sobre aptitude, capacidade e solvencia que figura na cláusula 4 deste prego. Se observara defectos ou omisións emendables na documentación presentada, se comunicará aos interesados mediante fax ou correo electrónico, para a súa emenda. Así mesmo haberá de presentar a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispoñer efectivamente dos medios que se houbose comprometido a dedicar ou adscribir a execución do contrato e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente. Antes de proceder á adxudicación do contrato, o Concello de oficio, comprobará que o licitador non ten débedas con esta Administración.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, por orde no que fican clasificadas as ofertas.

No prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, o órgano de contratación procederá a adxudicar o contrato.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

A adxudicación que deberá ser sempre motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores que foran admitidos e publicarase no perfil do contratante.

En todo caso, na notificación máis no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe procederse a súa formalización, conforme ao art.156.3 do TRLCSP.

18.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Cando o órgano de contratación presuma fundamentamente, ao abeiro do establecido na cláusula 11 deste prego, que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as devanditas ofertas achegando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.



Son criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou temerario da baixa os seguintes:

- Axeitada xustificación dos prezos ofertados.
- Programa detallado de execución dos servizos (terase en conta o programa presentado xa na súa oferta).
- Volume de servizos xa contratados, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes técnicos emitidos, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a prol da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orde en que sexan clasificadas conforme ao sinalado na cláusula 17 deste prego de condicións.

III FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

19.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Ao tratarse dun contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 40.1 do TRLCSP, a súa formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles contados desde o seguinte ao de notificación da adxudicación.

O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxera recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso levantara a suspensión.

Ao documento administrativo, achegarase o prego de cláusulas particulares tanto administrativas como técnicas, así como a oferta do adxudicatario.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal. (art.59 TRLCSP).

O documento no que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Cando, por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, sendo trámite necesario a audiencia do interesado e cando se formule oposición polo contratista, o informe do Consello Consultivo de Galicia.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, agás nos casos previstos no artigo 113 do TRLCSP.



IV EXECUCIÓN DO CONTRATO

20.- RESPONSABLE DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO

Será o Xefe dos Servizos Externos a persoa responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

21.- OBRIGAS DO CONTRATISTA

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, lle dea o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados na lei. (art. 214 TRLCSP).

O contratista será responsable igualmente dos danos e perdas que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que no traballo incorra, de acordo co establecido no artigo 305 do TRLCSP. Se o contrato se executase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.

O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

Corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunido os requisitos de titulación e experiencia esixidos, formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato, sen prexuízo da verificación por parte deste Concello do cumprimento de aqueles requisitos.

A empresa contratista asume a obriga de exercer de xeito real, efectivo e seguido, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, a substitucións dos traballadores nos casos de baixa ou ausencia, as obrigas legais en materia de Seguridade social, incluído o



abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando proceda, as obrigas legais en materia de prevención de riscos laborais, no exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre o empregado e quen o emprega.

A empresa contratista deberá designar aló menos un coordinador técnico ou responsable, integrado no seu propio cadro de persoal, que terá entre as súas obrigas as seguintes:

- a) Actuar como interlocutor da empresa contratista fronte ao Concello de Narón, canalizando a comunicación entre a empresa contratista e o persoal integrante do equipo de traballo adscrito ao contrato, dunha banda, e o concello de Narón, por outra banda, en todo o relativo as cuestións derivadas da execución do contrato.
- b) Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución do contrato, e impartir ao devandito traballadores as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado.
- c) Supervisar a correcta execución po parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia do devandito persoal ao posto de traballo.
- d) Entregar copia dos TC1 e TC2 ao responsable do contrato ou na Sección de Contratación, así como as altas e baixas no cadro de persoal.

22.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

Son por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación que o órgano de contratación decida realizar en xornais máis en Boletíns Oficiais.

Tanto as ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todos os impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista, agás o IVE que deba ser soportado pola Administración, que se indicará como partida independente.

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a execución do contrato.

23.- ABONOS AO CONTRATISTA

O pago de prezo realizarase contra factura mensual, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada polo xefe do departamento responsable do contrato.

A Administración terá a obrigaçión de abonar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión teña efectos e a Administración expida o mandamento de pago a prol do cesionario, é preciso que se lle notifique de forma fidedigna a esta última o acordo de cesión. (art.218 TRLCSP).



NARÓN

24.- CUMPRIMENTO DEFECTUOSO DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

A empresa adxudicataria está obrigada ao cumprimento do contrato con suxeición ao establecido neste prego así como no de cláusulas técnicas, as obrigas recoñecidas na súa oferta pola propia empresa e as pautas e directrices de traballo que o xefe dos Servizos Externos emita para a mellor calidade dos traballos a executar e na supervisión do contrato.

Non obstante, ás que alí se indiquen como mínimo penalizaranse expresamente as seguintes:

Infraccións de carácter leve, sancionadas ata 150,00 euros.

- Aquelas faltas ou omisións que impliquen negligencia na prestación do servizo e que supoñan unha alteración grave do seu funcionamento.
- Omisión na comunicación de incidencias non imputables á empresa adxudicataria pero que fosen detectadas por ela.
- Retardo escusable no cumprimento das súas obrigas e tarefas
- Calquera outro incumprimento de obrigas que non teñan consideración de grave o moi grave

Infraccións de carácter grave, que poderán ser sancionadas por contías que van de 150,00 a 500,00 euros.

- O incumprimento das pautas e directrices do xefe do Servizo
- Incumprimento da normativa en materia de prevención de riscos e saúde laboral e de autoprotección para as persoas usuarias.
- Carencia de medios materiais e/ou auxiliares preceptivos para a protección, ou ben complementarios para previr accidentes.
- Trato irrespetuoso a persoas usuarias, persoal municipal, autoridades públicas que poidan supoñer un desprestixio do servizo público.
- A omisión ou cumprimento incorrecto de tarefas debidas ao desinterese, ineptitude, ou déficit profesional ou material do persoal que presta servizos o realiza traballos.
- A falta de contratación de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refiren os pregos de cláusulas deste contrato.

Considéranse infraccións MOI GRAVES as seguintes:

- Obstaculizar a inspección ou fiscalización do persoal municipal que velan pola adxudicación do contrato.
- Incumprimento da normativa laboral, incluído o convenio colectivo e/ou convenio de empresa do persoal empregado. Así como, o incumprimento das obrigas de actualización mensual dos pagos de salarios e das cotizacións a Seguridade Social respecto destes traballadores.
- Cesión do contrato en termos non previstos nos pregos de condicións e na normativa aplicable



- Igualmente o incumprimento das condicións esenciais do contrato.
- Acumulación ou reiteración de dúas faltas graves, nun período de dous meses ou de tres faltas graves nun período de 6 meses.
- Todas aquelas infraccións previstas pola normativa aplicable para resolución de contratos.

As faltas moi graves sancionaranse con multas de 500,00 ata 3.000,00 euros e/ou a resolución do contrato.

Todas as sancións impórnanse logo da audiencia e tramitación de expediente sancionador, de acordo coas normas reguladoras do procedemento administrativo sancionador.

De incumprirse o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, por ser esta unha obriga esencial do contrato, resolverase o mesmo.

V SUBCONTRATACIÓN

25.- SUBCONTRATACIÓN

O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, sempre que o importe total das partes subcontratadas non supere o 20% do importe de adxudicación do contrato.

Para levar a cabo a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do contrato principal, o contratista deberá comunicalo por escrito ao órgano de contratación cunha antelación mínima de 10 días hábiles á data na que vaia a iniciarse a execución do subcontrato, achegando ao mesmo tempo a seguinte documentación:

Comunicación do subcontrato asinada polo contratista e o subcontratista onde figuren as prestacións ou partes do contrato que se subcontratan e o seu importe.

Declaración responsable do subcontratista, de non acharse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos do artigo 60 do TRLCSP.

Declaración do contratista de que as prestacións a subcontratar, conxuntamente con outros subcontratos anteriores se os houberen, non superan o 20% do importe de adxudicación do contrato principal.

Compromiso do contratista de cumprimento do previsto no artigo 227 do TRLCSP.

Toda modificación no contrato subrogado debe ser comunicada á Administración.

VI MODIFICACIÓNS DO CONTRATO



NARÓN

26.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Será obrigatoria para o contratista a aceptación de variacións de detalle que non alteren substancialmente as condicións, nin as características técnicas sen que supoñan modificación dos prezos establecidos, referidas tanto aos traballos prestados como á execución do contrato.

Nin o contratista nin o responsable do contrato poderán introducir ou executar modificación ningunha no obxecto do contrato sen a debida aprobación previa e, no seu caso, do presuposto correspondente polo órgano de contratación. As modificacións que non estean debidamente autorizadas pola Administración orixinarán responsabilidade no contratista.

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións neste por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. Estas modificacións non poderán afectar ás condicións esenciais do contrato

A posibilidade de que o contrato sexa modificado e as condicións en que poderá producirse a modificación de acordo co apartado anterior deberán recollerse nos pregos e no documento contractual. A tal fin no presente contrato establécese tal posibilidade pola creación de novos parques ou retirada dos existentes, ou o incremento ou minoración dos elementos e pavimentación dos parques existentes.

Non se poderá modificar o contrato co gallo de introducir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato para que poda cumprir finalidades novas, nin achegar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

A variación no prezo do contrato por posibles modificacións do contrato, non poderá ser superior ao 20% por cen do prezo do contrato (IVE excluído).

O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 210, 219 e 306 TRLCSP.

En todo caso o órgano de contratación deberá aprobar, previamente á súa execución, a modificación do contrato, e ambas as dúas partes deberán facer as xestións e tramites correspondentes que afecten ao contrato inicial, de acordo co disposto no artigo 219 do TRLCSP.

Cando como consecuencia das modificacións do contrato acordadas conforme ao establecido no artigo 219 e o título V do libro I do TRLCSP, se produza aumento, redución ou supresión nos traballos para a prestación do servizo ou a substitución duns bens por outros sempre que estes estean comprendidos no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o



contratista, sen que teña dereito algún en caso de supresión ou redución dos traballos a reclamar indemnizacións polas devanditas causas.

As modificacións introducidas pola Administración Municipal no exercicio das súas potestades e que afecten ao réxime financeiro do contrato, determinarán compensación económica a prol da empresa ou a Administración co gallo de manter en equilibrio os presupostos económicos que presidiron a perfección do contrato.

As compensacións económicas serán acordadas pola Administración Municipal, logo de audiencia á empresa, en función das valoracións realizadas na oferta económica.

Respecto ás modificacións do contrato será de aplicación o previsto no artigo 219 e o título V do libro I do TRLCSP.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 do TRLCSP.

27.- SUSPENSIÓN DO TRABALLO OBXECTO DO CONTRATO

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 216.5 do TRLCSP, levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada a suspensión, a Administración abonará ao contratista, no seu caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto nos apartados 2 e 3 do art. 309 do TRLCSP.

VII FINALIZACIÓN DO CONTRATO

28.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

Se o obxecto do contrato non se atopase en condicións de ser recibido, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, a prestación efectuada non se adecúa ao contratado, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaón de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

29.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO



NARÓN

Ademais dos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 299 do TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 300 do TRLCSP.

30.- PRAZO DE GARANTÍA

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de TRES MESES, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o servizo prestado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas.

Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar na prestación do servizo, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 225.4 da TRLCSP.

31. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

Transcorrido un ano desde a data de finalización do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

32.- CONFIDENCIALIDADE

A empresa adxudicataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a prestación dos servizos obxecto de contrato, e que teña a consideración de confidencial.

A tales efectos, non terían a consideración de confidenciais os datos que:

- Sexan de dominio público ou que pasen a ser de dominio público durante o desenvolvemento do proxecto.
- Sexan lexitimamente recibidos pola empresa adxudicataria dun terceiro.

De igual xeito, a empresa adxudicataria responsabilizarase do cumprimento das obrigas de confidencialidade por parte do persoal ó seu servizo que participe no proxecto.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de Datos de Carácter Persoal, no que se refire ó acceso de datos de carácter persoal



NARÓN

vinculado á prestación de servizos por conta de terceiros, o persoal da empresa manterá a máis estrita confidencialidade sobre a información subministrada polo Concello de Narón con motivo da execución do presente traballo, comprometéndose a protexer axeitadamente e facer que se utilice a devandita información unicamente para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Unha vez cumpridos os servizos aos que se refire o presente Prego, calquera documento que conteña datos confidencias, sexa cal sexa o soporte, deberá ser destruído ou devolto ó Concello.

O presente prego resulta axeitado ao ordenamento xurídico vixente, polo que se asina a conformidade co mesmo:



ANEXO I

Modelo de declaración responsable do cumprimento das condicións indispensables para contratar

D/Dña.....,con
DNI....., en nome propio ou da persoa física/xurídica á que representa.....(póñase a razón social da empresa),
con NIF....., no procedemento de contratación.....,
formula a seguinte declaración responsable:

Que a licitadora..... cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración previstas no prego de cláusulas administrativas que rexen este contrato, cuxa acreditación se compromete a realizar perante o órgano de contratación, no prazo de 7 días hábiles dende o seu requirimento, e sempre co carácter previo á adxudicación do contrato.

Os datos para practicar nesta licitación toda clase de requirimentos, comunicacións e notificacións, son os seguintes:
Enderezo (rúa, n.º, piso, código postal, poboación e provincia).....
.....

Teléfono/s:/...../
(móbil)..... Fax:Dirección de correo electrónico:.....
Persoa de contacto:.....

Nota: Téñase en conta que os requirimentos, comunicacións e notificacións, efectuaranse preferentemente á dirección de correo electrónico por vostede Indicada.

En.....a.....de..... de 201....

Asdo: Selo da empresa.



Regulamento (UE) nº 2016/7, contén modelo DEUC:

<https://www.boe.es/doue/2016/003/L00016-00034.pdf>

Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado respecto á utilización do Documento Europeo Único de Contratación, previsto na nova Directiva de Contratación.

http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2016-3392&lang=en



ANEXO II

D. ..., provisto do D.N.I. núm. ..., en nome e representación de ... con CIF...

DECLARA

Que os documentos e datos presentados no sobre ...* (1 o 2, segundo corresponda) que considera de carácter confidencial son os que a continuación se relacionan:

...

Lugar, data e sinatura.

*No seu caso, se terá que presentar unha declaración para cada un dos sobres.



ANEXO III

Don, con enderezo en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación do servizo de **MANTENIMENTO, CONSERVACION E REPARACIÓN DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTIS E BIOSAUDABLES.**

b) Propón como prezo :

- Prezo sen IVA.....euros

- IVA (21%).....euros

- Prezo total.....euros

c) Así mesmo, propónse como MELLORAS ao contrato as seguintes:

MELLORA	VALORACIÓN
Adecuación de todos os parques infantís e biosaludables á normativa vixente	SI/NON
Bolsa de pezas de substitución valoradas en 2500€	€
Subministro de elementos de xogos infantís valorados en 3000€	€
Aumento de bolsa de reparación de caucho 150m2	M/2

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

(Lugar, data e sinatura)



ANEXO IV

Modelo de garantía mediante valores anotados (con inscripción)

Don (nome e apelidos), en representación de, NIF, con enderezo a efectos de notificacións e requirimentos na rúa / praza / avenida, código postal, localidade

PIGNORA a prol de: (órgano administrativo, organismo autónomo ou entidade de dereito público) os seguintes valores representados mediante anotacións en conta, dos cales é titular o pignorante e que se identifican como segue:

En virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impón a constitución desta garantía), para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), contraídas por (contratista ou persoa física ou xurídica garantida) NIF, con enderezo ós efectos de notificacións e requirimentos na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, pola cantidade de: (en letra máis en cifra).

Este contrato outorgase de conformidade e con plena suxeición ó disposto na lexislación de contratos das Administracións Públicas, nas súas normas de desenvolvemento e na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos.

(Nome ou razón social do pignorante) (sinatura/s)

Coa miña intervención, o Notario, (sinatura)

Don, con DNI, en representación de (entidade adherida encargada do rexistro contable), certifica a inscripción da prenda,

(data) (sinatura)



ANEXO V

Modelo de garantía mediante pignoración de participacións de fondos de inversión

Don (nome e apelidos), en representación de, NIF, con enderezo ós afectos de notificacións e requirimentos na rúa/ praza/ avenida, código postal, localidade.

PIGNORA a prol de: (órgano administrativo, organismo autónomo ou entidade de dereito público) as seguintes participacións, das cales é titular o pignorante e que se identifican como segue:

Número de participación	Identificación do fondo de investimento, nome e número de rexistro administrativo da CNMV	Entidade e Xestora	Entidade Depositaria	Valor liquidativo á data de inscrición	Valor Total

En virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impón a constitución desta garantía), para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), contraídas por (contratista ou persoa física ou xurídica garantida) NIF, con enderezo ós efectos de notificacións e requirimentos na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, pola cantidade de: (en letra máis en cifra).

Este contrato outorgase de conformidade e con plena suxeición ó disposto na lexislación de contratos das Administracións Públicas, nas súas normas de desenvolvemento e na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos. A entidade xestora do fondo comprométese a manter a prenda sobre as participacións sinaladas non reembolsando, en ningún caso ó partícipe o valor das participacións mentres subsista a prenda, así como a proceder ó reembolso das participacións a prol da Caixa de Depósitos ou órgano equivalente das restantes Administracións Públicas ó primeiro requirimento dos mesmos.

(nome ou razón social do pignorante) (sinatura/s).

Coa miña intervención, O Notario, (sinatura)

Don, con DNI, en representación de (entidade xestora do fondo), certifica a constitución da prenda sobre as participacións indicadas.

(data) (sinatura)



ANEXO VI

Modelo de aval

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, con enderezo (a efectos de notificacións ou requirimentos) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade e no seu propio nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrígalle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que na parte inferior deste documento AVALA a: (nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto por: norma/s e artigo/s que impón/impoñen a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes a detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), perante (órgano administrativo, organismo autónomo ou ente público), por importe de: (en letra máis en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outorgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento da Caixa de Depósitos ou órganos equivalente das restantes Administracións Públicas, con suxeición ós termos previstos na Lexislación de contratos das Administracións Públicas, nas súas normas de desenvolvemento máis na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que (indicación do órgano de contratación) ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para facelo, autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na Lei de Contratos das Administracións Públicas e lexislación complementaria.

(lugar e data)

(razón social da entidade)

(sinatura dos apoderados)

BASTANTEO DE PODERES POIA ASESORÍA XURÍDICA DA C.G.D.
OU AVOGACÍA DO ESTADO

Provincia

Data

Número ou código



ANEXO VII

Modelo de certificado de seguro de caución

Certificado número (1) (en diante, asegurador), con enderezo na, rúa, e NIF, debidamente presentado por D. (2), con poderes suficientes para obrígalle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento.

ASEGURA A (3), NIF, en concepto de tomador do seguro, perante (4), en diante asegurado, ata o importe de (euros) (5), nos termos e condicións establecidos na Lei de Contratos das Administracións Públicas, normativa de desenvolvemento e prego de cláusulas administrativas particulares polas que se rexe o contrato (6), en concepto de garantía (7), para responder das obrigas, penalidades e demais gastos que se poidan derivar conforme ás normas e demais condicións administrativas devanditas fronte ó asegurado.

O asegurado declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos esixidos no artigo 57.1 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A falla de pago da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non dará dereito ó asegurador a resolvelo contrato, nin este ficará sen efecto, nin a cobertura do asegurador suspendida nin este liberado da súa obriga, caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía.

O asegurados non poderá opoñer ó asegurado as excepcións que poidan corresponderlle contra o tomador do seguro.

O asegurados asume o compromiso de indemnizar ó asegurado ó primeiro requirimento da Caixa Xeral de Depósitos ou órgano equivalente das restantes Administracións Públicas, nos termos establecidos na Lei de Contratos das Administracións Públicas e normas de desenvolvemento.

O presente seguro de caución estará en vigor ata que (4), ou que no seu nome sexa habilitado legalmente para efectualo, autorice a súa cancelación ou a súa devolución, de acordo co establecido na Lei de Contratos das Administracións Públicas e lexislación complementaria

Lugar e data.

Sinatura:

Asegurador

Instrucións para a cumprimento do modelo.

Expresarase a razón social completa da entidade aseguradora.

Nome e apelidos do apoderado ou apoderados.

Nome da persoa asegurada.

Órgano de contratación.

Importe, en letra, polo que se constitúe o seguro.

Identificar individualmente de xeito suficiente (natureza, clase, etc.) o contrato en virtude do cal prestase a caución.

Expresar a modalidade de seguro de que se trata, provisoria, definitiva, etc